ÍNDICE

Limiar 11

Tema 1. **Sobre a normativización lingüística** 11
1.1. Introdución 13
1.2. Algúns conceptos sociolingüísticos clave 14
1.3. Modelos de estandardización 14
1.4. A cuestión do padrón e das variedades..... 14
1.5. Modelos teóricos de existencia de padróns, parapadróns e subpadróns 14
1.6. Algúns conceptos básicos coma L1 e L2..... 14
1.7. A cohabitación de sociolectos na Galiza..... 14

Tema 2. **A estandardización do galego** 15
2.1. Os primeiros pasos na estandardización 15
2.2. A norma oficial do galego actual 15
2.3. A norma reintegracionista do galego 15
2.4. O concepto de paralecto no caso portugalego 15

Tema 3. **Historia externa da lingua galega** 25
3.1. Acentuación das oxítonas ou agudas 25
3.1. Antes dos romanos 25
3.2. A romanización e as invasións xermánica e árabe . 25
3.3. A lingua galega na idade media 25
3.4. Os séculos escuros 25
3.5. O rexurdimento 25
3.6. Os séculos XX e XXI 35

3.7. O "galego amábel" 35
3.8. O galego exterior 35

Tema 4. **A DIVISIÓN XEOLECTAL DO GALEGO** 31
4.1. Antecedentes históricos: Carvalho Calero 31
4.2. A proposta canónica 31
4.3. A proposta converxente 31
4.4. Trazos xeolectais 31
4.4.1. Bloque occidental 31
4.4.2. Bloque central 31
4.4.3. Bloque oriental 31
4.4.4. Bloque raiano 31
4.4.5. Bloque meridional 31
4.5. Os dialectos portugueses 31
4.6. Diferenzas entre galego e portugués europeo 31

Tema 5. **FONÉTICA HISTÓRICA: INTRODUCIÓN** 35
5.1. Artigo definido 35
5.1. Consideracións previas 35
5.2.1. Metaplasmos por adición 35
5.2.1.1. Prótese e aglutinación 35
5.2.1.2. Epéntese 35
5.2.1.3. Paragoxe 35
5.2.2. Metaplasmos por supresión 35
5.2.2.1. Aférese e deglutinación 35
5.2.2.2. Síncope 35
5.2.2.3. Apócope 35
5.2.2.4. Crase 35
*5.2.2.5. Sinalef*a 35
5.2.3. Metaplasmos por transposición:
Metátese e hipértese 35
5.2.4. Metaplasmos por transformación 35
5.2.4.1. Vocalización 35
5.2.4.2. Consonantización 35

5.2.4.3. Nasalización e desnasalización 35
5.2.4.4. Sonorización ou abrandamento 35
5.2.4.5. Palatalización 35
5.2.4.6. Asibilación 35
5.2.4.7. Asimilación e disimilación 35

Tema 6. **Fonética histórica: o vocalismo** 43
6.1. As vogais do latín 43
6.2. Vogais tónicas 43
6.3. Vogais átonas 43
6.4. Ditongos 43
6.4.1. Ditongos de orixe latina 43
6.4.2. Ditongos románicos 43
6.5. Hiatos 43

Tema 7. **Fonética histórica: o consonantismo** 49
7.1. Consoantes simples 49
7.1.1. Consoantes iniciais 49
7.1.2. Consoantes mediais 49
7.1.3. Consoantes finais 49
7.2. Grupos consonánticos 49
7.2.1. Grupos homoxéneos 49
7.2.2. Grupos propios 49
7.2.2.1. Os grupos propios iniciais 49
7.2.2.2. Os grupos propios mediais 49
7.2.2.3. Grupos propios mediais de k + /l/ ... 49
7.3. Grupos impropios 49
7.4. Palatalización 49
7.4.1. Palatalización de /k/ intervocálico 49
7.4.2. Palatalización de /tj/ e /kj/ 49
7.4.3. Palatalización de /gj/ e /dj/
7.4.4. Palatalización de /lj/ e /nj/ 49
7.4.5. Palatalización de /sj/ 49
7.5. A analoxía 49

7.5.1. Analoxía fonética 49
7.5.2. Analoxía morfolóxica 49

Tema 8. **MORFOSINTAXE HISTÓRICA** 57
8.1. Paradigma das formas tónicas 57
8.1. Nomes 57
8.1.1. Os casos 57
8.1.2. Redución dos casos. O caso lexicoxénico ... 57
8.1.3. O xénero dos nomes 57
8.2. Adxectivos 57
8.3. Verbos 57
8.3.1. Redución das conxugacións 57
8.3.2. O verbo ser < esse(re) 57
8.3.3. O sistema de conxugación do verbo latino . 57
8.3.4. Conservación dos tempos verbais latinos en portugalego 57
8.3.5. Creación e transformación doutras formas verbais 57
8.4. Artigos 57
8.4.1. Artigo definido 57
8.4.2. Artigos indefinidos 57

Apéndice. **A LEITURA DO GALEGO SEGUNDO A NORMIGAL PARA LUSÓFONOS** 179
A. Quadro geral comparativo 57
B. Outros elementos distintos da ortografia 57
C. Outros elementos diferentes na comparação dos dois coletos 57
D. Algumas diferenças lexicais 57

Bibliografía 189

TEMA 1
SOBRE A NORMATIVIZACIÓN LINGÜÍSTICA

1.1. Introdución

As linguas románicas non-estatais[1] tentan seguir o camiño das maiores canto á construción dun padrón que lles permita unirse ao mundo das linguas de cultura. É ben claro que toda lingua precisa dunha lingua padrón, porque a fragmentación dialectal non permite en calquera caso a existencia de escolarización, de produción literaria a grande escala, a presenza internacional da lingua, a súa aprendizaxe dentro e fóra do país, etc. Semella que é unha zuna recente a de construír un padrón escrito, mais na verdade trátase dunha necesidade, porque na sociedade hodierna todo ten un valor económico, do cal non se libra nin a propia lingua.

Ao mesmo tempo, cómpre ver como non só o proceso de normalización da lingua afecta a propia lingua, mais tamén os seus utentes. Ao longo destes últimos anos, tense visto que o proceso normalizador afectou tamén a todas aquelas persoas que sendo educadas na lingua estatal quixeron nalgún momento da súa vida tornar para a lingua menor, ben decote a lingua familiar que aínda se conserva nunha ou dúas xeracións anteriores.

[1] Utilizaremos esta denominación para nomear todas as linguas que se encontran nunha situación de minoría, minorización, etc., facendo unha diferenza entre linguas estatais e non-estatais. A grandes trazos, as linguas estatais románicas son: francés, español, portugués, italiano e romeno. Sensu stricto, até o catalán podería ser incluído nesta categoría por ser o idioma oficial de Andorra.

Ao longo deste capítulo analizaremos como se está a desenvolver este proceso de estandardización do galego, mais non será feito de modo isolado, farémolo dentro do contexto románico actual das linguas non-estatais.

1.2. Algúns conceptos sociolingüísticos clave

A cuestión de que é unha lingua non a pode responder a **lingüística**, mais a sociolingüística. Embora ambas as disciplinas se interesen polo mesmo obxecto de estudo, a lingua, a súa abordaxe é distinta de todo.

Para a sociolingüística existe unha pirámide que podemos representar así:

- **Diasistema** ou **dominio lingüístico**: é unha cohabitación de máis dun padrón, como é o caso do portugalego (ou do asturo-leonés co mirandés e o asturiano), onde a unidade histórica é aínda notábel. No caso galego, como estamos a ver, oficialmente se fala de dúas linguas, embora que isto, como veremos máis para adiante, sexa algo discutido; con todo, sempre oficialmente, o galego ten un padrón oficial diferente do portugués. O diasistema pode tamén existir sen linguas estandarizadas, cando unha serie de falas his-

tóricas son de uso total ou case exclusivamente oral, mais cunha orixe común, como é o caso do franco-provenzal, pois trátase dun feixe de dialectos.

- **Lingua** ou **idioma**: forma lingüística que posúe un padrón, formas lexicais, gramaticais e ortográficas están fixadas normativamente. Nalgúns casos, tratándose de grandes linguas internacionais, por mor da grande diversidade entre as variantes, algunhas linguas teñen, dentro do seu padrón único, máis dunha norma. Iso acontece co español, que ten case tantas normas como países, embora só posúa un padrón.
- **Dialecto**: forma lingüística non-estandardizada, embora posúa formas gramaticais, lexicais e até ortográficas fixadas. O dialecto carece de oficialidade, á diferenza da lingua, e predomina no uso oral. Por norma está submetido a unha lingua estatal que serve para usos oficiais, o cal ocasiona que a situación entre a lingua e o dialecto sexa de **diglosía**. A cohabitación entre linguas nun plano de igualdade é coñecido como **bilingüísmo**.

En contraste, para a lingüística a pirámide é así:

Un dialecto oficializado vira unha lingua, o cal é algo que se basea en cuestións sociais e políticas. O lingüista non entra nesas dis-

quisicións, por iso o seu obxecto de estudo non poden ser as linguas, mais as falas. De aí que o estudo das variantes das falas se concentre nos xeolectos, como variantes esgalladas dun tronco principal.

1.3. Modelos de estandardización

Desde que o catalán estabelecera o seu padrón actual en 1919 até a adopción do padrón mirandés en 1998, mesmo o discutido sardo da Lingua Sarda Unida (LSU) de 2001, refeito na Lingua Sarda Común (LSC) en 2005, hai todo un camiño de estandardización nas linguas románicas menores, nos máis dos casos realizado ao longo do século XX, con procesos a miúdo ben diferentes entre si. Non hai —e isto cómpre afirmalo enfaticamente— receita ningunha nin modelo único. A elaboración dos padróns lingüísticos tense feito desde situacións moi variadas. Con todo, tentaremos sintetizar as principais tendencias seguidas na creación de padróns modernos no conxunto da Romania. Ao mesmo tempo, poderase comprobar como en moitos casos o padrón existente é un bocado difuso, porque existen padróns, subpradróns e normas a cohabitaren dentro dunha mesma lingua.

Podemos estabelecer cinco tipos de procesos para explicar cales son as tradicións na Romania no tocante ás linguas menores:

1. Admisión de dous padróns: é o menos frecuente. É o caso do asturiano e o mirandés, mais é tamén doadamente explicábel se atendemos para o facto de os mirandeses sosteren que falan unha lingua independente do asturiano.
2. Escolla do dialecto con máis prestixio social: é o caso do asturiano central.
3. Escolla do dialecto con máis prestixio literario: teoricamente este foi o criterio escollido coa proposta da Lingua Sarda Unificada.

4. Escolla dunha variedade central: é o caso do languedociano respecto a outros dialectos occitanos.
5. Creación dun padrón supradialectal de compromiso: é o caso do galego ILG.

Ora ben, estes criterios non son sempre seguidos literalmente e ás veces poden atoparse combinacións de dous ou máis destes criterios na elaboración do padrón.

1.4. A cuestión do padrón e das variedades

As grandes linguas románicas tiveron un proceso de estandardización moi longo, que a miúdo durou séculos. Ademais, estes procesos non son nunca situacións fechadas, porque a evolución natural das linguas obriga á revisión de conceptos normativos, como ocorreu sempre coas linguas maiores románicas.

O modelo das linguas estatais foi copiado polas non estatais, como era de esperar. Mais a fórmula non adoitou funcionar, porque as situacións das unhas e das outras son radicalmente diferentes desde diversos puntos de vista, que poden ser resumidos así:

1. as linguas menores non poden facer en poucos anos o que as linguas maiores fixeron en séculos.
2. as linguas menores non teñen toda a forza dos *media* e das escolas para realizar unha tarefa de concienciación normativa como teñen as linguas maiores[2].

[2] E mesmo aquí, cómpre percibir que hai linguas que teñen unha situación mellor ca outras. O galego, o catalán e o basco teñen unha escolarización e recoñecemento de escolaridade de cooficialidade, mas non acontece así co asturiano ou co aragonés.

3. as linguas menores están moito máis fragmentadas que as linguas maiores, de xeito que os dialectos teñen un peso inmenso que, ás veces, non é levado en conta e que, ben a miúdo, é a orixe de conflitos posteriores.

Daquela, o emprego de fórmulas normais para as linguas maiores non adoita funcionar coas linguas menores. Conviría, xa que logo, procurar solucións propias para as linguas menores, o cal aconteceu, con efecto, coa maioría delas, mais non con todas.

Que hai que facer por tanto? Xa na primeira parte desta exposición analizamos as diferentes tendencias da estandardización. Cada lingua ten que procurar a súa propia. Así que así, o dilema que nos queda sobre a mesa é se sería posíbel aceptar a existencia de variedades dentro dun padrón. Poderíase pensar que as linguas románicas son bloques homoxéneos, compactos, mais na realidade non acontece así, porque se atopan variedades dentro de todas elas que non quebran a unidade do idioma. Se callar, o caso máis coñecido sexa o do portugués, que presenta ben diferenciadas unha norma brasileira e outra europea, onde algúns elementos chegan mesmo ao campo morfolóxico e sintáctico. As principais diferenzas pódense ver no seguinte gráfico:

Portugués europeo	**Portugués brasileiro**
comboio *camioneta, autocarro* *disqueta* *presidente da câmara municipal* *casa do banho* *saco*	*trem* *ônibus* *disquete* *prefeito* *banheiro* *bolsa*
dezassete *dezanove*	*dezessete* *dezenove*
fala-se português	*se fala português*
eu vejo-te	*eu vejo você*

ele vê-me	*ele me vê*
estou a falar	*estou falando*
tu *você* *o senhor / a senhora*	*você* *o senhor / a senhora*

Sen chegar a un extremo tan evidente como o anterior, as diferenzas son tamén perceptíbeis no español entre a súa forma americana e mais a europea, mais tamén en **francés** (francés, belga e suízo dunha parte, quebequense da outra), onde hai diverxencias subtís. Fóra do ámbito románico, o **inglés** ten variantes propias para as variedades británica, norteamericana ou australiana, aínda que se poidan engadir mesmo subvariedades como a canadense, a neocelandesa, a surafricana, etc.

Daquela, se todo aquilo é válido para as linguas maiores, se callar, non pode servir tamén para as menores, máis aínda cando no xeral as diferenzas dialectais están aínda máis marcadas?

Sería normal pensar que si, que a existencia de variedades normativas se torna nunha necesidade nos máis dos casos, mais cuns criterios que cómpre fixar claramente desde o comezo. Por tanto, hase xustificar a existencia de padróns xunto con parapadróns e subpadróns para o caso dalgunhas linguas específicas, mais levando en conta que un padrón de referencia é sempre necesario.

1.5. Modelos teóricos de existencia de padróns, parapadróns e subpadróns

Arestora, a terminoloxía arredor destes conceptos está a ser un bocado confusa. Trataremos, en primeiro lugar, de esclarecer en que sentido emprego estes termos, máis concretamente parapadrón, que estamos a incluír aquí.

En principio, os parapadróns cohabitan ao mesmo nivel, sen preponderancia do un sobre o outro. Ás veces, hai unha forma superior, chamada "superpadrón", mentres que os subpadróns están sempre supeditados a un padrón, sempre son formas subsidiarias del. Graficamente, podería representarse así:

Relación horizontal

(superpadrón)	
parapadrón	***parapadrón***

Relación vertical

padrón	
subpadrón	***subpadrón***

Os modelos teóricos que se poden recoñecer son estes:

a) ***existencia dun padrón único sen variante algunha***. É abondo raro, pero atópase en linguas como o friulano.

padrón

b) ***existencia dun padrón con dúas ou máis subpadróns***. Este é o caso occitano, que ten un padrón "amplo", basicamente o languedociano, e despois existen padróns dialectais.

padrón	
subpadrón 1	***subpadrón 2***

c) ***existencia dun superpadrón con parapadróns e subpadróns***. O catalán podería ser unha mostra deste modelo, onde o padrón *forte*, ou superpadrón, é o da propia

Cataluña, cun parapadrón propio para Valencia e outro para as Illas Baleares. Ademais, o catalán de Aragón e o do Alguer posúen cadanseu subpadrón.

(super)padrón			
parapadrón 1		*parapadrón 2*	
subnorma 1.1	*subnorma 1.2*	*subnorma 2.1*	*subnorma 2.2*

d) ***existencia de dous padróns por unha loita de tradicións ou criterios diferentes, onde un deles xeralmente é oficial ou oficioso***. É o caso tamén do occitano cando se fai referencia á grafía tradicional ou á do *félibrige*, ou no caso galego cando se compara a grafía oficial coa reintegracionista.

padrón A	*padrón B*

e) ***existencia de dous padróns porque dúas linguas cohabiten dentro dun mesmo dominio lingüístico***. É o caso do galego e do portugués do punto de vista oficial, ou do mirandés e o asturiano, que son, de feito, dúas linguas diferentes.

padrón 1	*padrón 2*

De todos os xeitos, algunhas das situacións mostradas anteriormente poden coexistir nalgunhas das linguas devanditas. Por exemplo, o galego actual, desde o punto de vista legal, é unha soa lingua cun só padrón (sen recoñecemento de variedades), daquela axústase á situación descrita como (a), mais tamén é verdade que existe outra norma non oficial, o que representa a existencia doutro padrón, non oficial, que o fai corresponder co punto (d).

O asturiano e o mirandés, como xa quedou sinalado, son un caso (e), mais ao mesmo tempo o asturiano posúe un subpadrón propio para o asturiano occidental (podería ser clasificado así porque está supeditado ao padrón central), o que se corresponde coa situación (b). Daquela, todas estas situacións moi decote se mesturan, polo que a situación das linguas minoritarias adoita ser abondo complicada do punto de vista normativo.

1.6. Algúns conceptos básicos coma L1 e L2

Un falante bilingüe pode ter dúas L1. Con todo, sempre unha das dúas linguas tende a se impor sobre a outra aínda que só sexa lixeiramente. Sempre unha lingua ten que predominar sobre a outra, aínda que o falante teña un perfecto coñecemento de ambos os idiomas.

No caso de falantes que posúen unha lingua rexional, esta debería prevalecer sobre a lingua estatal. Estariamos a falar dunha L1 primaria e unha L1 secundaria, sendo ambas L1 por seren *adquiridas* (non obstante, antigamente as L1 estatais eran aprendidas, xeralmente na escola, mais hoxe xa non é así, os nenos conviven coa lingua estatal ao seu carón desde o primeiro momento). Salvo en moi contados casos, a L1 secundaria, sendo esta unha lingua estatal, tende a invadir os campos fono-gramaticais da L1 primaria (é a vella cuestión da lingua teito que inflúe a lingua cuberta). Nestes casos, diriamos que os falantes son diglósicos, mais do que bilingües, pois unha lingua domina sobre a outra no plano da expresión, aínda que non necesariamente no plano do pensamento.

O falante tradicional ou paleofalante poderá daquela ter dúas L1, ou ter unha L1 que é a súa lingua propia e unha L2 que a lingua estatal, mais que xeralmente chega a dominar (diriamos

que ten un nivel de competencia na lingua estatal moi alto). O neofalante, en contraste, ten unha L1 que xeralmente é a lingua estatal, mais aprende unha L2 con que tentará ter un nivel de competencia moi alto, até o punto de que a L2 poida tornarse a L1 e teña un punto de partida semellante ao do paleofalante, mais coa diferenza que non é un falante diglósico, mais bilingüe, pois é quen de separar entrambas linguas en todas os planos, sen producir mudanza de códigos e menos aínda mestura de códigos, algo propio da maioría dos paleofalantes como xa quedou indicado.

1.7. A cohabitación de sociolectos na Galiza

Non é sinxelo definir cal a situación da Galiza dun punto de vista sociolingüístico. Conforme a normativa autonómica vixente, a Galiza é un territorio oficialmente bilingüe, con dous idiomas cooficiais, o galego e o español. Mais as cousas non son tan simples, visto que a presenza de dúas linguas nun mesmo territorio leva á marxinalización dunha delas, neste caso da lingua propia, o galego, fronte ao castelán, tornándose o galego, por tanto, unha lingua minorizada no seu propio territorio e deixando de ser a lingua de uso común. É falso afirmar que a sociedade galega é bilingüe na maioría dos casos, é máis ben diglósica, pois as dúas linguas non gozan do mesmo estatus.

Alén diso, é preciso presentar cales son as opcións lingüísticas que ten calquera falante galego. Son, na realidade, **sociolectos**, podéndose distinguir polo menos cinco, tal como se ve no seguinte gráfico 1.

Ha unha interligazón entre todas as sociolectos anteriores. Mentres o **español padrón** é usado en circunstancias moi formais, o **español rexional da Galiza** xa é lingua de comunicación habitual, tendo como trazo principal que se trata dun

Gráfico 1



español moldeado polo galego, que neste caso funciona como un **substrato**. Fronte a el temos o **galego padrón**, como lingua administrativa e culta, principalmente escrita, que compite nos usos informais co **galego dialectal**, apenas falado. Porén, moitos cidadáns fan un uso constante do híbrido entre galego e castelán, que non é senón un paso previo á desaparición do galego. De facto, en moitos dos casos en que se afirma que as persoas falan galego, o que falan realmente é un híbrido, popularmente coñecido como **castrapo**, que de facto está a substituír o galego dialectal como vehículo de comunicación.

Os falantes de galego pasan con moita frecuencia para o castelán, mais en contraste os falantes de castelán pasan raramente para galego.

Estamos a vivir unha fase de **substitución lingüística** en que o galego é varrido polo castelán en todos os ámbitos sociais. Porén, a substitución non sucede dun día para o seguinte, por iso é posíbel encontrar a existencia de híbridos lingüísticos que perduran unha ou dúas xeracións.